

## **XEOGRAFÍA (2º BACH)**

**Curso 2023/24**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de cualificación xerais para a materia de Xeografía son os seguintes:

- 60%: Probas escritas, semellantes, en estrutura e forma, ás probas oficiais da ABAU na materia de Xeografía.
- 30%: Tarefas e actividades a desenvolver, ben na aula, ben en casa, vencelladas cos contidos estipulados en cada trimestre (climograma, hidrogramas, paisaxes naturais, pirámides de poboación, mapas do tempo, etc.).
- 10%: Glosario semanal con terminoloxía xeográfica e a desenvolver de forma individual na Aula Virtual.

### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

A nota do trimestre será a suma dos resultados obtidos en cada un dos instrumentos de avaliación, así como a nota final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións ordinarias. A cualificación a reflectir nos expedientes do alumnado será en números enteiros, polo que, no suposto de existiren decimais nas notas primixenias, aquelas cualificacións que teñan un 5 ou máis como decimal, serán redondeadas cara arriba. No seu oposto, serán redondeadas cara abaixo. Porén, o alumnado que non acade o 5 como nota media global de cada trimestre, non terá superada a materia trimestral.

No suposto de ese último caso, o alumno ou alumna terá que realizar unha proba escrita, ao inicio do seguinte trimestre ou, no seu defecto, antes do exame final de maio, dos contidos suspensos, sendo o valor da mesma do 100% da nota. Porén, aquel alumnado que si aprobara o trimestre, mais que queira voluntariamente subir nota poderá realizar o exame, o cal terá o valor do 60% estipulado nos criterios xerais. Se a nota resultante é inferior á media obtida na porcentaxe orixinal, manterase a primixenia.

Doutra banda, o alumnado que, trala realización das recuperacións trimestrais, suspenda máis dunha avaliación, terá que realizar directamente o exame final da materia, o cal suporá o 100% da nota; así como aquel alumnado que, coa media das tres avaliacións ordinarias, non chegue ao 5 na nota final global. Finalmente, aquel alumnado que sexa observado copiando nalgunhas das probas escritas ordinarias, das recuperacións e/ou do exame final, terá un 0 nesa avaliación.